Asunto: INFORME DXSAP SOBRE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA E CLASIFICACIÓN NO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

O 23 de outubro de 2025 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) un escrito emitido pola presidencia do Consello Económico e Social de Galicia (en diante CES Galicia) no que solicita informe desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) do devandito órgano.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria funcional xustificativa.
- Memoria económica.
- Acta de negociación previa coas organizacións sindicais

O 4 de novembro CES Galicia envía nova documentación.

E o 10 de novembro de 2025 tivo tamén entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal solicitando informe preceptivo sobre modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do Consello Económico e Social de Galicia**.**

A dita solicitude vén acompañada da memoria funcional de proposta da dirección xeral

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

O Consello Económico e Social de Galicia (CES Galicia) foi creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, publicada no Diario Oficial de Galicia o 12 de xullo de 1995. Esta lei establece o CES Galicia como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socioeconómica. O seu obxectivo principal é facilitar a participación de toda a cidadanía galega na vida política, económica, social e cultural.

A citada lei tamén determina que o CES Galicia queda adscrito á actual Consellería de Facenda e Administración Pública, así como a súa estrutura e composición, baseadas nos principios de actuación e organización administrativa.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: NQdABzw2s0Q5 https://sede.xunta.gal/cve

A RPT vixente do CES Galicia foi aprobada polo Pleno na súa sesión 1-18 do 30 de xullo de 2018. Desde entón, o cadro de persoal propio do CES Galicia está composto por 10 postos (persoal propio da entidade).

O 17 de febreiro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 8 de febreiro de 2023 pola que se regula o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia.

O 11 de decembro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 27 de novembro de 2023 pola que se resolve o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia.

Por Resolución do 15 de decembro de 2023 convocouse o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e corpo facultativo superior de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG núm. 243, do 26 de decembro).

O 26 de xullo do 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e do corpo facultativo superior de Administración especial, subgrupo A1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 243, do 26 de decembro), na que se acorda publicar a relación de persoas aspirantes que superaron, para cada categoría, o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e do corpo facultativo superior de Administración especial, subgrupo A1, e propoñer o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O seu anexo foi modificado polas Ordes do 10 de marzo de 2021, do 27 de novembro de 2023 e do 23 de decembro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública (Diarios Oficial de Galicia números 61 do 31 de marzo de 2021, 231 do 5 de decembro de 2023 e 2 do 3 de xaneiro de 2025).

SEGUNDO. Obxecto da proposta

A proposta de modificación da RPT ten como obxecto:

- A modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo A1):

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: NQdABzw2s0Q5 https://sede.xunta.gal/cve

POSTOS A FUNCIONARIZAR	GRUPO - CATEGORÍA	POSTO SFUNCIONARIZADOS	CORPO, SUBGRUPO E NIVEL	Nº DE POSTOS
Gabinete técnico asesor	I-4	Xefatura de sección	Superior de Administración xeral Subgrupo A1, nivel 25	2

- Adaptar estes postos funcionarizados e clasificados, mediante a modificación correspondente, ás necesidades actuáis do consello recollidas na súa memoria funcional, recollendo a apertura aos subgrupos A1 e A2 e incluír como mérito "experiencia en materia socioeconómica" en ambos postos, de modo que queden definidos coas seguintes características:

DENOMINACIÓN	DEPENDEN-CIA	NIV.	SUBG	ADSC	FORMA PROVISIÓN	OBSERVACIÓNS
Xefatura de sección	Secretaría Xeral CES	25	A1/A2	AXG	C	Experiencia en materia socioeconómica como mérito
Xefatura de sección	Secretaría Xeral CES	25	A1/A2	AXG	C	Experiencia en materia socioeconómica como mérito

TERCEIRO. Custos

En relación coa memoria económica, pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

CUARTO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, esta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do Consello Económico e Social de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 10/11/2025 13:15:43

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: NQdABzw2s0Q5 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es